



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Xuño 2016

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2016


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade do sector servizos. Xuño 2016

- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xuño en Galicia un aumento do 8,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 4,9%.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 9,7% e os Outros servizos o 4,4%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,1% e en España un 2,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de xuño. Galicia é a terceira comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a quinta comunidade co menor incremento do emprego.

Indicador de actividade do sector servizos. Xuño 2016

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos seus compoñentes en %




	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	106,4	8,2	9,2
Venta e reparación de vehículos de motor	100,8	0,2	11,8
Comercio por xunto	113,6	15,1	15,8
Comercio ao retallo	94,2	1,8	1,8
Transporte	112,2	1,6	2,2
Hostalería	101,5	9,6	5,3
Información e comunicacións	89,2	7,5	5,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	92,0	-4,2	-3,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	142,5	12,1	10,2

1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xuño en Galicia un crecemento do 8,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 2,6 puntos menos que no mes de maio. O índice para España amosa un aumento do 4,9% respecto ao mes de xuño de 2015, 0,6 puntos superior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese ao *Comercio*, que aumenta o 9,7% e achega 7,0 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 4,4% e achegan 1,2 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 4,6%, 5,1 puntos menos que a taxa galega; os *Outros servizos* aumentan o 5,3%, 0,9 puntos máis que en Galicia.

O incremento da facturación no *Comercio* en Galicia ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 15,1% e achega 6,6 puntos á taxa de variación do índice xeral. A nivel nacional, tamén é o *Comercio por xunto* o que máis repercute no incremento do índice xeral, 1,5 puntos, cun crecemento da súa cifra de negocios do 4,1%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 4,4%. As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son as que máis repercuten no crecemento do índice xeral, cinco décimas, cun crecemento do 12,1%. En senso contrario, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen a súa facturación un 4,2%, co que restan dúas décimas á taxa de variación do índice xeral.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 5,3%. As *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, cun aumento do 7,9%, son as que máis repercuten no índice xeral, sete décimas.

No que vai de ano, a cifra de negocios aumenta un 9,2% en Galicia, grazas principalmente ao *Comercio por xunto*, que cun aumento do 15,8% achega 7,4 puntos á taxa de variación acumulada. Soamente as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen a súa cifra de negocios, -3,2%.

En España, na primeira metade do ano, a cifra de negocios aumenta o 4,3%, 4,9 puntos menos que en Galicia. Todos os sectores amosan taxas de variación acumuladas positivas; a *Venta e reparación de vehículos de motor* e o *Comercio por xunto* son os sectores con mais repercuten neste crecemento.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 6,6% no mes de xuño. Este incremento débese principalmente ao *Comercio* que aumenta o 8,9% e achega 3,7 puntos á taxa de variación do índice xeral e á *Hostalería*, que cun crecemento do 9,6%, achega 1,9 puntos á taxa de variación do índice xeral. Todos os sectores de actividade incrementan a súa cifra de negocios no mes de xuño agás as *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, que diminúen un 2,6%.


Na primeira metade do ano, o índice xeral creceu un 6,2%, sendo o *Comercio*, cun incremento do 10,4% o que máis repercute neste crecemento, 4,1 puntos. Pola contra, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen o 3,0% e restan 0,3 puntos á taxa xeral.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 8,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 6,6%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xuño en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios. Os maiores aumentos danse en Illes Balears (8,7%), Cantabria (8,3%), Galicia (8,2%) e La Rioja (8,0%). As comunidades coas taxas mais baixas son Asturias e Castilla y León (ambas as dúas 2,0%).

Na primeira metade do ano, Galicia (9,2%) e Illes Balears (8,8%) son as comunidades con maiores incrementos. Os menores crecementos rexístranse en Castilla y León e Asturias (ambas as dúas 1,3%).

Índices de cifra de negocios. Xuño 2016


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,1% respecto ao mes de xuño de 2015, 0,2 puntos menos que en España (2,3%).



O persoal ocupado aumenta un 2,0% no *Comercio* e un 2,3% nos *Outros servizos*. A *Hostalería*, cun incremento do 4,9%, achega oito décimas á taxa de variación do índice xeral e o *Comercio por xunto* e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* achegan seis décimas cada un, con crecementos do 4,2%. As *Actividades profesionais, científicas e técnicas* son o único sector onde diminúe a ocupación, -1,1%.

En España, as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,1%) e a *Hostalería* (2,9%) son as que máis repercuten no crecemento do emprego, seis e cinco décimas respectivamente.

No acumulado do ano, o emprego crece en Galicia o 1,9% fronte ao 2,3% en España. Todos os sectores incrementan a ocupación nos seis primeiros meses do ano agás a *Venta e reparación de vehículos de motor* (-0,1%). As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son o sector con maior crecemento tanto en Galicia (5,0%) como en España (3,8%).


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de xuño. Os maiores incrementos danse en Illes Balears (4,2%) e Navarra, (4,0%). Andalucía (0,9%) e Asturias (1,1%) son as comunidades onde menos crece ocupación.

No conxunto do ano, Illes Balears (3,6%) e Navarra (3,4%) son as comunidades con maior incremento do emprego, mentres que Asturias (0,9%) e Andalucía (1,6%) rexistran os menores crecementos.

Índices de persoal ocupado. Xuño 2016

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xuño 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	106,4	8,2	9,2
Comercio	106,0	9,7	11,1
Venta e reparación de vehículos de motor	100,8	0,2	11,8
Comercio por xunto	113,6	15,1	15,8
Comercio ao retalho	94,2	1,8	1,8
Outros servizos	105,2	4,4	3,5
Transporte	112,2	1,6	2,2
Hostalería	101,5	9,6	5,3
Información e comunicacións	89,2	7,5	5,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	92,0	-4,2	-3,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	142,5	12,1	10,2
España			
Xeral	107,5	4,9	4,3
Comercio	105,8	4,6	3,8
Venta e reparación de vehículos de motor	119,5	10,4	12,8
Comercio por xunto	107,9	4,1	3,2
Comercio ao retalho	97,3	3,5	2,0
Outros servizos	110,5	5,3	5,3
Transporte	114,8	2,0	1,9
Hostalería	119,5	7,6	7,2
Información e comunicacións	100,7	6,4	5,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,0	7,9	7,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,1	4,4	6,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xuño 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	104,4	6,6	6,2
Comercio	101,9	8,9	10,4
Transporte	116,6	2,3	3,2
Hostalería	102,7	9,6	5,3
Información e comunicacións	86,5	6,7	5,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	101,3	-2,6	-3,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	123,5	9,8	7,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xuño 2016**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	107,5	4,9	4,3
Andalucía	102,8	3,7	3,5
Aragón	106,0	4,1	2,6
Asturias	95,3	2,0	1,3
Balears, Illes	147,7	8,7	8,8
Canarias	106,0	6,6	5,2
Cantabria	100,6	8,3	5,6
Castilla y León	101,6	2,0	1,3
Castilla-La Mancha	100,5	5,2	2,8
Cataluña	110,2	4,4	3,7
Comunitat Valenciana	109,2	4,5	5,2
Extremadura	101,9	7,0	4,0
GALICIA	106,4	8,2	9,2
Madrid	106,9	5,0	4,1
Murcia	111,2	4,1	5,4
Navarra	104,5	5,0	3,9
País Vasco	107,1	4,8	5,1
Rioja, La	115,2	8,0	6,3

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xuño 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	97,9	2,1	1,9
Comercio	94,4	2,0	1,5
Venta e reparación de vehículos de motor	84,8	0,2	-0,1
Comercio por xunto	90,8	4,2	3,0
Comercio ao retalho	98,5	1,1	1,0
Outros servizos	100,8	2,3	2,3
Transporte	97,5	0,1	0,5
Hostalería	98,0	4,9	2,7
Información e comunicacións	88,3	2,6	2,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	99,7	-1,1	0,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	112,5	4,2	5,0
España			
Xeral	101,6	2,3	2,3
Comercio	98,8	2,0	2,1
Venta e reparación de vehículos de motor	91,1	2,4	2,3
Comercio por xunto	100,9	2,3	2,8
Comercio ao retalho	98,8	1,7	1,6
Outros servizos	103,5	2,6	2,5
Transporte	99,0	1,7	1,8
Hostalería	107,4	2,9	2,8
Información e comunicacións	97,4	1,4	1,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,9	1,7	1,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	109,2	4,1	3,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xuño 2016**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	101,6	2,3	2,3
Andalucía	100,0	0,9	1,6
Aragón	99,0	3,1	3,3
Asturias	94,4	1,1	0,9
Baleares, Illes	125,9	4,2	3,6
Canarias	103,0	3,3	3,2
Cantabria	101,5	2,8	2,1
Castilla y León	96,6	1,8	1,8
Castilla-La Mancha	100,3	2,4	2,0
Cataluña	106,0	2,9	3,3
Comunitat Valenciana	99,1	2,2	2,2
Extremadura	103,6	1,6	2,0
GALICIA	97,9	2,1	1,9
Madrid	98,6	2,3	1,8
Murcia	106,8	2,9	2,6
Navarra	104,2	4,0	3,4
País Vasco	103,0	2,4	2,1
Rioja, La	104,0	2,2	2,9

Fonte: INE